



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA TRINTA DE XULLO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 30 de xullo de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:



CONCELLO DE
OLEIROS

- D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia, concelleira do grupo municipal “Popular”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024003952, de 24 de xullo, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 27 de xuño de 2024.
- 2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ó exercicio 2023.
- 3º.- Determinación dos dous días de festa, de carácter local, no Concello de Oleiros para o ano 2025.
- 4º.- Dar conta do escrito presentado polo grupo municipal “Popular”, de cambio do voceiro suplente do mesmo.
- 5º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003363 ata o 2024003929.
- 6º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 27 de xuño de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ó acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, xustificando o voto en contra do seu grupo novamente á aprobación da acta dado que, a pesares das posibilidades tecnolóxicas existentes non se recollen as intervencións con literalidade, debe ser que o alcalde non quere que estes documentos queden no arquivo municipal como proba do seu talento, do seu talante conciliador e democrático, ecuanimidade, etc.

Da orde do alcalde, pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de xuño de 2024*.

Punto 2.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ó exercicio 2023

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que unha vez informada favorablemente a conta xeral do exercicio 2023 pola Comisión Especial de Contas, reunida o pasado 24 de maio, tendo en conta que a citada conta xeral foi exposta ó público, xunto co precitado ditame da comisión informativa, polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto de exposición publicado no BOP do día 30 de maio deste ano; exposto tamén no taboleiro de edictos desta corporación entre o os días 31 de maio e 20 de xuño, non presentándose ningunha reclamación ó documento segundo certificación acreditativa expedida polo empregado municipal do rexistro municipal e informe emitido pola intervención municipal, procede elevar ó pleno municipal a nomeada Conta Xeral para adoptar os acordos seguintes:

1º.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Oleiros, correspondente ó exercicio 2023.

2º.- Proceder á remisión telemática da citada Conta Xeral, antes do día 15 de outubro do 2024, remisión que se realizará a través da plataforma de rendición de contas das Entidades Locais e que tamén producirá plenos efectos ante o Tribunal de Contas.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que en primeiro lugar quere aproveitar a ocasión para que todas e todos se feliciten da presenza de M^a José Varela neste pleno, cousa que lle agrada, porque a discrepancia política non debe para nada estar reñida co aprecio persoal entre os membros da Corporación.

Entrando de cheo no análise da Conta Xeral, trátase dun requisito formal dun documento de carácter técnico, pero máis alá desa característica formal, cómpre unha serie de precisións que fixo o interventor ó respecto das que vai falar dalgunhas delas.

Nese informe, o interventor municipal sinalou que houbo sete acordos contrarios ós seus reparos, un deles de certa importancia, un contrato de 128.000 € e tamén, unha serie de reparos importantes referentes ó Area de Persoal, dado que a taxa de interinidade no concello foi moi alta durante moitos anos e xa saben, tamén, que a inamobilidade do funcionario non se lle outorga de xeito gratuíto, senón que é unha garantía ante os cambios políticos que se poidan producir e que lle permiten “poñer pé en parede” ante calquera petición de algo que poida ter algún visio de irregularidade, polo tanto, a funcionarización progresiva e os procesos de estabilización no concello van ser bos para o propio funcionamento municipal e para unha mellora de calidade democrática.

Tamén realizou outra serie de apreciacións, como que houbo retraso na licitación dalgúns contratos que vencían; como o contrato do mantemento das estacións depuradoras da Sociedade EDAR BENS, xa saben do mal estado da rede de saneamento municipal que sistematicamente negan, pero a realidade é que cando hai episodios de chuva



CONCELLO DE
OLEIROS

din o contrario pero por desgracia a veciñanza teñen que padecer e tamén convén avanzar, e coincide con cuestións que trouxo o seu grupo político a este pleno, como agrupar contratos menores en vez de facer unha contratación maior para licitalos de xeito aberto. Este aspecto, sinala o interventor, debe avanzar nas contratacións que son periódicas e que responden a necesidades estruturais, non cousas que xorden de hoxe para mañá e que non se deberían facer a través de contratos menores e sí a través do proceso de contratación correspondente.

Por último, recomenda tamén a elaboración dun plan anual de contratación, un instrumento de planificación previsto na Lei de Contratos, que permitiría facer unha fotografía das licitacións previstas, o que facilitaría a propia xestión da política, a dos funcionarios e a xestión e plantexamento das empresas que poidan estar interesadas ó existir un calendario e unha previsión aprobada. Para rematar, dicir que votar favorablemente esta conta xeral suporía apoiar unha xestión ineficiente do diñeiro público, avalando unha mala xestión que a xuízo do seu grupo é un reflexo dun proxecto esgotado.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 24 de xullo de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Unha vez que foi visto o informe favorable realizado pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 24/05/24, sobre a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio de 2023, formulada pola Intervención Municipal, en cumprimento co disposto no artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se temos en conta que a citada Conta Xeral foi exposta ao público, xunto co precitado ditame, polo prazo de quince días hábiles, a través de Edicto de exposición publicado no BOP nº 104 do 30/05/24, e exposto ao público no taboleiro de edictos desta Corporación, entre os días 31 de maio e o 20 de xuño de 2024, ambos incluídos, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se consideramos tamén que segundo consta en certificación acreditativa expedida o 04/07/24 polo empregado municipal do Rexistro do Concello, e o informe de intervención da mesma data, transcorrido o prazo de exposición pública da Conta Xeral do Orzamento desta Corporación correspondente ao exercicio 2023, non se presentou, durante este prazo nin nos oito días seguintes (do 21 de xuño ao 3 de xullo de 2024), ningún tipo de reclamación.

Por todo o anterior, e en cumprimento do disposto no punto 4 do artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, elévase ao Concello Pleno a presente **Conta Xeral do Orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2023** para a adopción dos seguintes acordos:

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2023.

Segundo.- Proceder á remisión telemática da citada Conta Xeral antes do 15/10/2024, de acordo co previsto nos artigos 212.5, 223.2 e 223.4 do RDL 2/2004; remisión que se realizará a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e que tamén producirá plenos efectos ante o Tribunal de Contas en virtude do convenio, de 27/06/11, de colaboración subscrito entre o Consello e o Tribunal, para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das entidades locais de Galicia; todo elo de acordo co previsto na resolución do 01/06/16 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do 31/05/16, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. (DOG Núm. 112, de 14/06/16)."

Punto 3.- Determinación dos dous días de festas locais para o ano 2025

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que recibida comunicación do departamento territorial da consellería de emprego, comercio e emigración da Xunta de Galicia, solicitando a determinación por este concello das festas locais para o vindeiro ano 2025; os dous festivos propostos son o 4 de marzo, martes do Entroido e o 24 de xuño, San Xoán e, de ser aprobados, darase conta do acordo ó departamento da Xunta de Galicia antes salientado.

Intervén a voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que se achegue este asunto ó pleno para determinar as festas locais e, por outra banda, a adxudicación de contratos millonarios se resolvan na Xunta de Goberno Local a costas dos grupos políticos municipais, parécelles lamentable.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 24 de xullo de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; catro (04) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Recibida comunicación o pasado día 16 de xullo de 2024, por parte do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (R.E. nº2024015352), no que se informa das festividades tanto de Galicia coma do Estado, dado que cada municipio galego termos que determinar os dous días de festa de carácter local para o vindeiro ano 2025, propónse ó Pleno da Corporación o seguinte:

Primeiro.- Determinar como festas locais no Concello de Oleiros para o ano 2025, os días seguintes:

- 4 de marzo martes do Entroido.
- 24 de xuño, San Xoan.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ó nomeado Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia ós efectos oportunos."

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 4.- Dar conta do escrito presentado polo grupo municipal “Popular”, de cambio do voceiro suplente do mesmo

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do escrito presentado pola voceira do grupo municipal “Popular”, D^a M^a Dolores Silva Núñez, de 7 de xullo de 2024 (R.E. 2024015010), mediante o cal nomean voceira e voceiro suplente:

- Voceira titular.- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- Voceiro suplente.- D. Jorge Platas Casal.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, só para agradecer o labor levado a cabo por Antonio Corredoira, anterior voceiro suplente e que por mor da súa renuncia, agora nese posto vaino substituír Jorge Platas.

Punto 5.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003363 ata o 2024003929

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003363 ata o nº 2024003929, ambos incluídos.

Punto 6.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

O alcalde D. **Ángel García**, expón que hai catro mocións presentadas, unha do grupo “Popular”; dúas do grupo “Socialista” e outra do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños.

A primeira a tratar sería a proposta por “Alternativa dos Veciños e, de seguido, dá a palabra á voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños.

6.1.- Moción do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” sobre a problemática do transporte público

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a José Varela**, voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de



CONCELLO DE
OLEIROS

“Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, desexando boa tarde ós oíntes de Radio Oleiros, ós asistentes; ós compañeiros e tamén súmase á benvinda de M^a José Varela, ó igual que xa fixeron na xuntanza da comisión informativa celebrada en días pasados, así como tamén en privado.

Gustaríalle empezar a súa intervención aclarando o seu senso de voto na urxencia para tratar esta moción, porque considera que todas aquelas mocións que se acheguen ós plenos deben como mínimo tratarse e pode debatelas. Realmente, esta moción non é urxente neste intre e vai explicalo. Puidera ter sido urxente cando se fixeron as modificacións das liñas de transporte comunicadas ó concello, que xeraron certa confusión e que precisaron de axustes horarios e queixas, que foron atendidas pola Xunta de Galicia, quen realizou unha análise e seguimento do servizo para logo axustalas ás necesidades reais ó longo da semán seguinte da súa posta en marcha, pero neste intre esta moción insiste en que non ten razón ningunha de ser, dado que as reivindicacións xa foron atendidas nunha xuntanza previa con responsables municipais, entrando este pasado luns en funcionamento. Modificacións, que como dixo, foron realizadas atendendo ás peticións trasladadas pola veciñanza e ás solicitudes realizadas polo concello e ás que se lles fará un seguimento para poder seguir mellorando o servizo, obxectivo real da consellería. Afirma o goberno municipal no texto da moción, que desde Santiago a Xunta de Galicia ten unha intención e obxectivo claro de desgastar ó goberno municipal, entendendo logo que a Xunta de Galicia está a facer un uso político deste asunto e nada máis lonxe da realidade, máis ben é todo o contrario, como se puido observar estes días a través dos paneis informativos municipais e hoxe mesmo, coa presentación desta moción.

Quen pretende sacar un réditto político deste asunto, enganando á cidadanía porque saben que estes acordos vanse poñer en marcha, realiza unha campaña difamatoria a través de tódolos medios ó seu alcance para conseguir despois adxudicarse o mérito de telo acadado pola súa “pataleta”. O mérito, ou mellor dito, a obriga de acadar melloras nos servizos municipais é do alcalde, no último punto do acordo fala ademais de accións legais... sempre con ameazas.

Creron que ía empezar esta rolda de contactos cos membros do novo goberno autonómico con outro talante, como anunciou nalgún pleno pasado, tratando de buscar canles de entendemento que fosen frutíferos para acadar melloras para o concello e que o alcalde dí que se lle nega, cando a realidade é toda a contraria; ¿Será este o xeito



CONCELLO DE
OLEIROS

de actuar co resto das consellerías?; ¿Vaise relacionar este concello así co resto de institucións?; fan tamén alusión á Vía Ártabra, parada desde hai tres anos, como de todos é coñecido por culpa do Concello de Cambre, non pola Xunta de Galicia e sabe tamén o por que.

No terceiro punto dos acordos propostos, falan de instar á Xunta de Galicia a informar á veciñanza dos cambios, pero si a Xunta de Galicia xa informou ó concello, éste dispón duns paneis informativos moi apropiados para facer esta función, ¿Ou non é esa a función deses paneis?. Por outra banda, a Xunta de Galicia remata de informar a través da prensa de todos os cambios producidos e que ademais, poden ser consultados na páxina www.bus.gal como a propia consellería que tamén informou a través da prensa.

Respecto ó punto segundo do acordo, que é o que máis debería importarlles, vai dar conta de todos aqueles servizos que se aumentaron debido á demanda existente, así como tamén os reforzos que se están levando a efecto cando o bus vai completo. Coa reestruturación actual, Dexo e Lorbé gañaran 130 servizos máis á semán, coas novas medidas que entraron en vigor este luns son 210 e 185 á semán, co que a zona Dexo-Lorbé pasaron de contar con 20-25 servizos, entre idas e voltas, a triplicar o servizo, dispoñendo de 62; unha vez eliminadas as duplicidades de Mera, conta con 28 servizos á Coruña e 34 de volta, sendo así 2 frecuencias cada hora e 3 nos intres de maior demanda.

Reforzáronse tamén as franxas horarias das 7 ás 9 da mañán, para aquelas persoas que teñen que utilizar o servizo de transporte para ir ó seu traballo, con 2 servizos máis, polo tanto acordouse e así se fixo, reforzar 7 servizos de autobús no corredor A Coruña-Oleiros-Sada nos horarios de maior ocupación. Restablecéronse 3 frecuencias ó día que dan servizo á Urbanización “Rialta”, servizo que é verdade que se suprimira por unha cuestión de tempo ó prolongar a liña a Dexo-Lorbé, erro que se subsanou. A primeira hora da mañán, actívase un servizo de Lorbé a Coruña e adiántase ás 7.30 h. o primeiro servizo de Sada-Carnoedo-Entrexardíns, incorporando neste percorrido á Urbanización de Rialta. Ademais de sumarse un servizo de Sada á Coruña ás 13 h. e outro en senso contrario ás 14 h., en horario de tarde reactívanse tamén 4 servizos, 2 por sentido con parada en Rialta e en canto ó dito pola presidenta da comisión informativa o outro día que se celebrou, na que sinalou que lle parecía vergoñento, tampouco é certo, porque os servizos que conectan A Coruña con Sada, teñen paradas en Carnoedo e Veigue, parroquias do municipio de Sada.

Cre entender que se mellorou o servizo do transporte público, de tódolos xeitos, o cálculo é sinxelo, aínda que dos 210 servizos incrementados, houbera que restar os 46 que o goberno municipal sinala no texto da moción, estaríase a falar de 164 servizos a maiores dos que se viñan realizando con anterioridade. De tódolos xeitos, no acordo cuarto tamén se fala de instar, revisar e levar a cabo unha inspección do servizo, no que están



CONCELLO DE
OLEIROS

completamente de acordo e por iso tamén lles gustaría que se aplicase neste concello con outros servizos contratados polo propio concello e que tampouco cumpren.

Contemplando ademais unha necesidade demandada desde o concello, comunícase a parte norte do concello do municipio coa zona Dexo-Lorbé, mantendo ademais o bus nocturno con ocasión das festas que en ningún intre chegou a suprimirse como anunciaron a “bombo e platillo”, como se puido comprobar nas pasadas festas de Mera, por iso consideran esta moción inadecuada neste intre, polo que evidentemente votaran en contra.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, dicindo que o seu grupo está moi de acordo coa defensa que realiza o goberno municipal sobre o tema do transporte público e moi en contra da redución das liñas de buses levadas a cabo pola Xunta de Galicia do Partido Popular, amosando unha vez máis a falla de compromiso do goberno da Xunta de Galicia coa cidadanía e co medio ambiente.

Anuncia o voto favorable a esta moción, pero queren afondar sobre que lles gustaría que para que quedase máis claro o compromiso co transporte público que parece ter o goberno municipal propoñente desta moción, polo que anuncia e solicita que sexa aceptada a emenda que presenta o seu grupo.

Emenda na que solicitan que no punto primeiro do acordo se suprima a última frase, quedando así:

“Demandar da Xunta de Galicia a inmediata recuperación dos servizos e liñas de transporte eliminadas neste concello desde o pasado 22 de xuño.”

Parecéndolles que con esta inclusión a proposta gaña en claridade e unha segunda emenda de adición en canto a incluír un sexto punto que reforce ese compromiso do propio concello pedindo que:

“De forma inmediata, poña a liña de transporte público municipal que permitía ós e ás viaxeiras de Oleiros chegar ata o Burgo e viceversa, poñendo tamén en marcha o plan de mobilidade de Oleiros, que foi aprobado no seu día pero que aínda non botou a andar.”

Dito isto, espera que sexan apoiadas estas emendas que buscan mellorar a iniciativa presentada polo goberno municipal.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que máis de 920.000 veciñas de Oleiros apañaron o autocarro no ano 2023 cara á Coruña, o que supuxo un incremento do 19,5% respecto do 2022. En Oleiros, sempre o comentan, existen varios récords ou índices máis elevados do país, en desprazamentos diarios en vehículos privados; vehículos por habitante, a chamada taxa de motorización; escasa poboación que traballa no concello; incremento substancial de visitantes en períodos estivais, como é esta época, predominio absoluto do vehículo privado tanto de residentes coma de visitantes. O Concello de Oleiros ademais é o municipio con máis



CONCELLO DE
OLEIROS

residentes non nados no territorio oleirense, sendo innumerables os desprazamentos cara a comarca, nomeadamente cara á Coruña, aínda que non só cara alí.

A poboación segue a medrar, a radiografía é clara con novos incrementos de desprazamentos e máis demanda de frecuencias no transporte público. No período ata o 22 de xuño, o servizo de bus metropolitano estaba a ser obxecto de críticas por precariedade nas liñas, horarios, frecuencias, atrasos, problemas para persoas con diversidade funcional, buses a rebordar, xente que ficaba nas paradas e non existe unha aplicación de telemóbil e, persoalmente, como concelleiro e coma cidadán, esperaba unha resposta positiva do novo goberno da Xunta de Galicia e aínda que apreciaron algún movemento, sobre todo nos temas das festas co reforzo de servizos e xerando novos para determinados festexos, esperaban que houbera outra resposta positiva que non se deu.

Tamén existía unha demanda clara neste concello de ampliar as liñas que remataban en Mera para chegar a Dexo-Lorbé e tamén as que ían a Sada, pasando pola zona norte municipal. Existía a esperanza de que mantendo o anterior se ampliase isto, foi o contrario o que fixo a Xunta de Galicia que desde o nomeado 22 de xuño suprimiu esta posibilidade nunhas liñas que vertebraban o concello e que na liña Coruña-Sada, pasaban por Maianca, Serantes e Dexo. Tamén existían os problemas de comunicación con Rialta, de luns a venres, había 14 frecuencias de Coruña a Sada e viceversa que vertebraban o concello, os sábados unha liña menos, 13 e os domingos e feriados eran 8 as frecuencias Sada-Coruña e volta, que pasaban pola zona norte municipal, frecuencias ademais que prestaban servizos a Arillo, Sta. Cruz, praia de Bastiagueiro, Sta. Cristina, ademais do xa dito Sada-Coruña.

Desde o pasado 22 de xuño é certo que se produciu algún parche ou reaxuste, como comenta a voceira do Partido Popular, pasos que eles consideran aínda insuficientes porque o grao de afectación á cidadanía foi bastante grave porque xa se prevía un verán quente e os e as usuarias da área que veñen visitar os areais municipais ían saturar aínda máis o que eles consideraban xa de por si cativoiro servizo durante o período estival.

Coas inevitables imaxes da Pasaxe colapsada polo tráfico, o BNG xa demandou no Parlamento de Galicia a reposición inmediata de tódalas liñas eliminadas e como estaban ata o 22 de xuño. Producíronse xuntanzas entre veciños de Oleiros e Sada, que xa se están a auto organizar a través dunha plataforma, este mesmo venres haberá unha xuntanza da mesma na Capela de Sada.

Este non é só un problema exclusivo de Oleiros, dado que afecta a toda a comarca, no BNG non son de poñer fronteiras ou límites, aínda que lles acusen diso, porén consideran que o Concello de Oleiros tamén é singular e distinto, non como pensa o goberno municipal, pero neste caso sí é singular e distinto, polo que cómpre unha relación intensa concello-xunta para adiantarse ós atrancos. Apostan por un diálogo moi fluído e para rematar, dicir que o tema do transporte colectivo ademais dun tema social e comunitario que afecta á cidadanía e tamén,



CONCELLO DE
OLEIROS

como non, a cada un de xeito individual, falando del a nivel persoal, dicir que de todos os anos que leva vivindo en Oleiros, non contempla a posibilidade de ir traballar á Coruña, prefire Curtis, que de feito nestes días chega antes a Curtis que á propia Coruña.

Cada vez que lle chega unha carta de correo certificado, non lle dá medo a carta senón ter que ir á Rúa Zaire a Perillo, ir á Coruña é para él algo desbotado se non precisa ir, non vai a nada. Finalmente salienta que apoian a moción presentada, piden da Xunta de Galicia que escoite á cidadanía e que manteña un diálogo permanente co Concello que realmente, é quen coñece de primeira man as necesidades da cidadanía.

Tamén, aproveita para solicitar que lle gustaría saber que se falou nesas xuntanzas tidas coa Xunta de Galicia e gustaríalle saber tamén se hai algunha novidade a respecto da liña suprimida que comunicaba co Burgo.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a voceira do grupo “Popular” falou que a consellería tomará unha serie de medidas pero que ata o día de hoxe non están feitas, a maior parte das promesas que lle fixeran en Santiago, na reunión mantida co conselleiro e co responsable dos transportes de viaxeiros, por certo unha reunión cordial, pero que non lle importa ese espírito se logo non se materializan as propostas que lle puxeron enriba da mesa para solucionar a supresión de diferentes liñas que había que repoñer de xeito urxente e aínda que se repuxeron algunhas, no seu conxunto non.

Na mesma reunión, tamén se falou da liña do bus urbano da Coruña 1A oara retomar que puidese chegar a Sta. Cristina, porque dá pena ver a cantidade de usuarios e usuarias que veñen á praia de Sta. Cristina amoreados nas paradas de bus en Perillo porque non todos eses viaxeiros van á Coruña a entrexardíns, senón que proceden de todos os barrios da cidade como Palavea, Eirís ou Monelos. En concreto, nesa reunión reafirmáronlle a intención de que o concello tiña que pagar unha compensación á concesionaria e isto xa ven de lonxe, pero non van ó contencioso-administrativo porque non teñen probas, nin documentos que proben esa débeda reclamada de corenta e pico mil euros e o que non entende é que desde a propia consellería non se adopte xa unha resolución a respecto desta cuestión.

Tamén nesa reunión trataron sobre o bus municipal, que leva prestando servizo moitos anos, creado para dar servizo ás zonas do concello que non contaban con este servizo, zonas do interior das parroquias de Maianca, Dexo, Serantes, Nós e Iñás, principalmente, e que enlazaba esas zonas coas paradas onde había servizo, un servizo municipal gratuíto, ese servizo a día de hoxe coa creación de novas liñas, do uso do vehículo propio, etc., non ten moito sentido porque teñen moi poucas usuarias e usuarios tendo un custo ó orzamento do concello de oitenta e pico mil euros, e tampouco tiña moito sentido que vaia ó Burgo porque no seu día si era necesario dado que liña



CONCELLO DE
OLEIROS

Burgo-Coruña era a mellor comunicada porque había buses cada 15', agora isto xa cambiou e como dixo antes, o bus municipal non ten practicamente usuarios, pero a resposta que lle deron os responsables nesa reunión foi que quen pagaba era o concello pero quen a xestionaba era a concesionaria e que fixera unha solicitude que xa verían. Non van facer ningunha solicitude, porque o concello non está disposto a seguir pagando ese bus interior que, insiste, apenas ten usuarios, polo que cómpre realizar un novo estudio.

A intención municipal é reforzar a liña Dexo-Oleiros-Perillo, enlaces para que a veciñanza que reside en zonas alonxadas ou aquelas nos que non existe ou ten moi poucas frecuencias, como a Avda. de Venezuela ou a estrada a Meirás, que teñan un servizo máis frecuente e que poidan enlazar con paradas da liña que os leve á cidade, polo que certo é que diálogo existiu, pero feitos poucos e en nada quedou o de que chegase a liña 1A do bus urbano da Coruña a Sta. Cristina, que insiste presta un gran servizo ó enlazar diferentes barrios da cidade con Sta. Cristina, ademais de chegar ata o Hospital Militar.

Para rematar, dicir que o goberno municipal está disposto a dialogar, pero é que aínda queda moito para o cumprimento dos acordos dos que se faláron. Logo, tamén, está o tema do bus nocturno das festas, pero o que non quere o goberno municipal é un bus que achegue rapaces e rapazas da Coruña, senón que queren un bus que se as festas son en Lorbé, como acontece esta fin de semán, recolla ós rapaces e rapazas de Sta. Cruz, Nós ou Iñás e os regrese despois da festa ás súas casas, é dicir, un servizo para a xuventude do municipio para que cheguen a casa sans e salvos e que non utilicen os seus vehículos. Para rematar, sinala que non van aceptar as emendas presentadas e agradece ó BNG a súa intervención.

Intervén a voceira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que en relación ó bus nocturno, dicir que non traslada ós rapaces e rapazas da Coruña, porque xa veñen ás festas na liña regular existente logo o problema é a volta, polo que eses adolescentes veñen igual e logo ¿En que medio de transporte se van? Non teñen. Insiste en que cando hai festas os buses da liña regular veñen cheos, o problema de seguridade é outro e haino que resolver, o acontecido en anos pasados ninguén os quere e hai que atopar unha solución para que non se volvan producir e a solución, desde logo, non pasa por eliminar ese bus porque si xa veñen cando remate a festa van en vehículos particulares, ó mellor estase creando un problema a maiores.

Intervén a voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, lamentando que non se lles acepten as emendas presentadas porque cre que melloraban a moción ou completábana polo menos, e aínda que van votala a favor lamentan que o compromiso do goberno municipal co transporte público só é cando o pagan outras administracións, se o ten que custear o concello, xa non ten tanto.



CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó transporte de bus nocturno, cre que a principal solución é para evitar posibles perigos, é dicir, os desprazamentos en vehículos particulares e dá igual que o rapaz sexa da Coruña ou de Oleiros.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que está de acordo co dito polo alcalde a respecto da celebración das festas patronais, festas que ultimamente cre que se están indo das mans; festas baixo o seu punto de vista que na súa maior parte son repetitivas e que parecen todas iguais. No que non está de acordo é en etiquetar ós rapaces e rapazas segundo de onde veñan, parece que están a vir pandillas da Coruña e que son os culpables de que existan eses desordes públicos, cando non é así; tamén en canto á seguridade, ponse sempre o foco na Policía Local esquecéndose de que existe a Garda Civil tamén en Oleiros.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non só nas festas, Oleiros tamén ten as súas praias ateigadas de xente e ás veces publícanse artigos na prensa que non atenden moito á realidade, como o de hai uns días sobre a praia de Mera. É certo que veñen moreas de rapaces e rapazas ás praias, como Mera, porque teñen gratis o bus e son moitos e ás veces molestan, non producen altercados, porque é certo tamén que se a praia está ateigada de xente non se pode xogar ó fútbol, tenis ou ó balonmán, e de iso teñen que estar pendentes o servizo de socorristas e se non lles fan caso, debe intervir a Policía Local...

Ante a pregunta do voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, de que se non cre o alcalde que ó mellor estase a esaxerar un pouco a situación, segue contestando o alcalde, Sr. **García**, dicíndolle que él pensa o mesmo, que ó mellor se está a esaxerar un pouco, pero o que sí é certo que cando se xuntan un número importante de rapaces e rapazas, é certo que se producen situación que ó mellor non son desexables.

O que aconteceu estes últimos anos nas festas está comprobado que era un grupo de persoas determinadas, non os xóvenes da Coruña, non quixo dicir iso, e algúns ou algujnas tamén residentes en Oleiros, as festas son para divertirse todo o pobo, non para outras cuestións alleas á propia festa. Por outra banda, respecto do sinalado pola voceira do grupo “Socialista” de que o goberno municipal tiña compromiso co transporte público pero cando o pagaba outro, non debe saber que ademais dos oitenta e pico mil euros que paga o concello por ese bus interno municipal, pagan outros 120.000 € polas viaxes que fan os buses por Oleiros, págase unha porcentaxe de cada billete que se expide, polo que o que paga exige e cre que se está a pagar en exceso, máis cando os concellos de menos de 50.000 habitantes non teñen esa obriga ó non ter competencias en materia de transporte colectivo.

Neste intre, a voceira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, pregunta ó alcalde porque non lles quedou claro, si se vai suprimir o bus municipal ou vaise reformular o seu traxecto, ó que lle contesta o alcalde, Sr. **García**, que van



CONCELLO DE
OLEIROS

suprimir a liña do bus municipal que ía ó Burgo para reformular o traxecto para que lles sirva á veciñanza dado que o actual, como xa dixó, non ten apenas usuarios.

Pregunta tamén a Sra. **Silva**, acerca da reunión mantida e si se chegaron a acordos ou non, porque segundo ten entendido chegaronse a acordos que comunicaron ó concello e son os que se van poñer en marcha en breve, entende polo que remata de dicir o alcalde, que non hai ese acordo.

Contesta o alcalde, Sr. **García**, que a reunión co conselleiro Diego Calvo, foi hai uns meses e nesa reunión quedaron nunha serie de cuestións que non se chegaron a cumprir, de aí que houbo unha nova reunión, á que asistiu o concelleiro Pablo Cibeira coa directora xeral, e faláron dos asuntos pero insiste en que a día hoxe non se está a cumprir o falado nesa reunión co conselleiro á que asistiu él.

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, e o alcalde, D. **Ángel García**, no que a primeira defendía de que houbo unha proposta da consellería e o segundo insistindo en que non se cumpría o acordado acadado na reunión co conselleiro, Diego Calvo.

Tamén polo concelleiro, D. **Pablo Cibeira**, sinalase que a raíz dos cambios nas liñas e a supresión doutras, o goberno municipal intentou poñerse en contacto coa consellería sendo incapaces de facelo porque non lles collían o teléfono, a raíz dunha chamada polas persoas responsables da consellería, foron a unha reunión.

De tódolos xeitos aclarar en canto ó sinalado pola voceira do grupo “Popular”, que non é certo o dito, explicando que na reunión deixaron claro que non aceptaban a eliminación de liñas, si aceptaba falar sobre o cambio de frecuencias, porque non tiña moito senso de que pasara un bus e ós cinco minutos outro, insistindo en que non houbo máis que un comunicado por correo electrónico ó que se lles contestou e do que hai probas, manifestando que non estaban de acordo na eliminación de servizos e iso é o que hai a día de hoxe sobre este tema. En canto ó incremento de liñas, se resulta que había un servizo que chegaba a Mera e agora esténdese ata Dexo-Lorbé, non é un servizo máis é o mesmo, non é outro máis.

Insiste o Sr. **Cibeira** que non existe ningunha mellora, basta con preguntarlle á veciñanza que hoxe mesmo quedaron tirados na parada dos Castros porque xa ía cheo ou onte, que quedaron viaxeiros sen recoller en Rialta, teñen que baixar un pouco á area e ver o que acontece...



CONCELLO DE
OLEIROS

Insístese pola voceira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, que precisamente falan porque preguntaron á veciñanza e segundo lle dixeron é certo que chegou o bus a algunha parada e cando estaba cheo, pero en breve apareceu outro de reforzo, polo que se os autobuses van cheos reforzan con outros de xeito inmediato.

Solicita a palabra e intervéñ, por alusións, a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que ela tamén sabe de matemáticas e se un bus municipal en Oleiros custa 80.000 €, non sabe se o Concello de Oleiros está en condicións de exixirlle moito á administración autonómica, pagando só 140.000 €, falando de 46 liñas.

Aclara o alcalde, D. **Ángel García**, que ás veces fálase sen coñecemento, dixo que dos 120.000 € que aporta o concello á consellería é para sufragar unha parte do billete dos usuarios e o outro bus municipal, que ten un custe de 80.000 € con cargo ós orzamentos municipais de Oleiros, a Xunta de Galicia non dá nada para ese servizo, este servizo vai por conta íntegra do concello e ademais, como xa sinalou, Oleiros aporta eses 120.000 € para sufragar unha parte dos billetes da veciñanza, aí radica a diferenza.

Votación da 1ª emenda

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da primeira emenda presentada polo grupo municipal “Socialista”, acadándose o resultado de **tres (03) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG); **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a primeira emenda presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Votación da 2ª emenda

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da segunda emenda presentada polo grupo municipal “Socialista”, acadándose o resultado de **tres (03) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG); **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a segunda emenda presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, acadándose o resultado de **dezaseis (16) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).



CONCELLO DE
OLEIROS

dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **catro (04) votos en contra** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *aprobar* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As competencias sobre o transporte público nos municipios de menos de 50.000 habitantes, Oleiros é un deles, son de titularidade da Xunta de Galicia, que o pasado 22 de xuño tomou a decisión de eliminar 180 servizos de transporte público no Concello de Oleiros, en concreto, as liñas B-12, B-13 e B-14. Este recorte realizouse sen comunicación previa oficial a este concello e, tamén, sen informar publicamente á cidadanía afectada: veciños e veciñas de Dexo, Serantes, Maianca, Dorneda, Liáns e Perillo, un total de 29.366 cidadáns, dándose unha situación caótica desde a toma desa decisión unilateral.

Os buses circulan habitualmente cheos, especialmente en horas puntas, sendo frecuente que os e as usuarias queden sen poder acceder, resultando especialmente prexudicadas pola falla de espazo as persoas con problemas de mobilidade, que usan cadeira de roldas e/ou as familias con carros de bebés. Todo isto produce tal situación de nerviosismo por acceder ós buses que nunha ocasión ata se produciu unha avalancha humana na parada de Entrexardíns, sen maiores consecuencias grazas ao civismo e intervención de dous mozos, que se xogaron o físico. Non se poden ofrecer viaxes gratuítas e, ó mesmo tempo, reducir o número de autobuses.

Por se todo isto non fose pouco, os retrasos son constantes, nalgúns ocasións de ata 50 minutos, provocando que os e as usuarias cheguen tarde ós seus destinos e que ante esta situación e desbaraxuste teñan que agardar o bus con ata dúas horas de antelación para asegurarse a praza na viaxe. Ó final, estase a provocar un feito non desexable, no senso de que as persoas que teñan a posibilidade de acceder a outro medio de transporte deixen de usar o autobús, nomeadamente volver a usar o se vehículo para se desprazar.

Os responsables da Xunta de Galicia están a amosar unha incompetencia total e unha indignante lentitude para resolver un problema provocado por eles mesmos. Pasado máis dun mes, durante o que se lle crearon graves problemas a milleiros de cidadáns froito do lamentable funcionamento do servizo, a Xunta de Galicia, en lugar de recuperar todos os servizos eliminados, decidiu seguir na liña de recortes e o anunciado “reaxuste” e “reforzo” supón a eliminación de 46 liñas, respecto ás que había antes do 22 de xuño. Unha decisión unilateral que en nada se parecen ás propostas do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” de recuperar a totalidade dos buses eliminados, reorganizando os horarios e aumentando frecuencias para mellorar o servizo.

Aqueles políticos que aluden continuamente á mobilidade sostible e ó fomento do transporte público, están a demostrar cos seus actos e decisións que actúan en contra do que din defender. Nestas últimas semanas o goberno galego eliminou autobuses, non permitiu que o bus urbano 1-A da Coruña conectase con Santa Cristina e, o que é máis grave, teñen paralizada a conexión da vía Ártabra coa AP-9 desde hai practicamente 3 anos - sine die para a seu reinicio-.

Os feitos demostran que desde Santiago teñen a intención de estrangular a circulación de Oleiros cun claro obxectivo, manipular a realidade e intentar desgastar ao goberno municipal, prexudicando ó final gravemente á veciñanza. Por todo o exposto propoñemos que o pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Demandar da Xunta de Galicia a inmediata recuperación da totalidade dos servizos e liñas de transporte eliminadas no Concello de Oleiros desde o pasado 22 de xuño, reestruturando aqueles horarios que se poidan solapar.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia que incremente as frecuencias, cando menos en horas puntas, para reforzar así o servizo nas franxas que máis demanda existe para o conxunto da poboación.

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a informar debidamente a toda a cidadanía coa suficiente antelación de todos cantos cambios se adopten.

Cuarto.- Que se proceda polos servizos xurídicos municipais á emisión dun estudio dos posibles incumprimentos do contrato adxudicado para o servizo de transporte, froito da eliminación de liñas, coa fin de emprender as accións legais oportunas contra a Xunta de Galicia, se fose o caso.

Quinto.- Comunicar este acordo á Presidencia da Xunta de Galicia; ó Conselleiro da Presidencia e á Directora Xeral Mobilidade.”

6.2.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” relativa á eliminación progresiva das fosas sépticas no concello

Procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Carmen Acuña**, voceira do grupo municipal “Socialista”:

“Exposición de motivos

As fosas sépticas serven para almacenar e tratar augas residuais nas zonas rurais afastadas, onde non se ten acceso a unha correcta rede de sumidoiros (alcantarillado) para a recollida destes residuos e para a condución dos mesmos aos puntos dispostos para seren tratados adecuadamente.

Pero unha fosa séptica non é máis que un tanque, un contedor onde recoller e tratar parcialmente as augas residuais. Cun tratamento, baseado na separación dos distintos compoñentes das augas vertidas. Así, a materia sólida vaise polo propio peso ao fondo e forma e logo, as graxas e espumas quedan flotando na superficie e, no medio queda a auga, que se vai depurando grazas ó traballo de certas bacterias que descompoñen a materia inerte. Auga que vaise filtrando e expulsado á terra, dende a fosa, pero con esa insuficiente depuración, provocando a contaminación do chan e das augas subterráneas.

Ademais como non se chega a descompoñer toda a materia sólida, mentres a fosa séptica se mantén en funcionamento, require dun mantemento periódico para limpar os restos que resultan do proceso. A frecuencia da limpeza, soe ser cada un ou dous anos, marcada pola capacidade da fosa, a súa localización, a cantidade de xente que faga uso dela e se a súa utilización é continuada ou non.

Na actualidade na maioría do Concello de Oleiros, téñense incorporado redes de saneamento e colectores para levar as augas recollidas a través da rede de sumidoiros ás estacións de depuración de augas, polo que hoxe o tratamento de augas domésticas a través de fosas sépticas, no núcleo urbano, xa non ten sentido. Pero aínda quedan fosas polo concello funcionando, e en sitios por certo pouco adecuados, como por exemplo o Porto de Lorbé, por carecer de saneamento ou sen funcionar, por non ser necesarias xa, pero sen selar adecuadamente.

E unha fosa séptica descoidada e un perigo pois pode provocar importantes e moi perigosas filtracións e fugas de augas de augas residuais, o que representa un grave risco para o medio ambiente. As sustancias tóxicas e os



CONCELLO DE
OLEIROS

patóxenos presentes nas augas residuais poden contaminar o chan e a auga subterránea, comprometendo a calidade da auga potable e afectando á vida vexetal, animal e humana.

Ademais, como en Oleiros existen moitos mananciais e fontes, por certo non correctamente sinalizadas e algunha ata co xugo e as frechas, o recomendable é proceder a anular e selar as fosas sépticas que aínda existen, funcionantes ou non. Para iso é imprescindible investir cada ano a través do orzamento municipal en conseguir estender, mellorar e renovar o saneamento para que chegue, e chegue ben, a todos e cada un dos puntos habitados do noso concello. Claro que si o orzamento emprégase, como fai o Sr. Garcia, no gasto corrente ou en custear “fastos” como o multiusos en lugar de para as cousas imprescindibles, isto non vai ser posible.

Por iso hoxe o grupo municipal “Socialista” quere, por medio desta moción, propoñer ó Pleno do Concello de Oleiros a adopción dos seguintes acordos exixindo ó goberno municipal que, de xeito inmediato:

- 1.- Realice un estudo detallado das fosas sépticas que aínda existen no concello, tanto as funcionantes como as que non. Definindo cantas e cales están correctamente seladas e cales non.
- 2.- Que habilite, vía rebaixa de impostos, ós propietarios de fosas en desuso achegas para a retirada ou selado das mesmas.
- 3.- Que nos orzamentos do ano 2025 se destinen os cartos suficientes para que a rede de sumidoiros chegue ben a todo o territorio habitado do concello de Oleiros e por certo, por igual ás nove parroquias.
- 4.- Que nos orzamentos dos ano 2025 se destinen os cartos suficientes e necesarios para reparar a rede de sumidoiros municipal alí onde estea obsoleta, deteriorada ou xa en mal uso.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

6.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Socialista” relativa á necesidade de mellorar a seguridade do arborado no concello exixindo as posta en marcha de medidas para evitar accidentes debido ó seu mal estado

Da orde do alcalde, expón a moción presentada o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, que se transcribe:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Exposición de motivos

O grupo municipal “Socialista” de Oleiros levou por dúas veces iniciativas a este pleno, que Alternativa e o alcalde impediron debater evitando así enriquecer o debate co contraste de argumentos, onde pedían maior control do estado do arborado para evitar as incidencias e accidentes que se están a producir antes de que poidan causar danos persoais irreparables. Parte destas medidas, froito do seu traballo honesto e leal, vénas agora recollidas no prego de licitación do novo contrato de mantemento de parques e xardíns, que sae xa porque denunciaron a súa caducidade e exixiron acelerar a súa licitación, o cal queren subliñar.

O alcalde escudarase nas árbores que hai en zonas de bosque pero non falan diso, senón da necesidade urxente de estudar todas as árbores que se atopan en zonas de paso, tales como xardíns ou áreas de xogo para minimizar riscos.

A súa proposta era, e é, moi necesaria xa que o contrato actual, que está caducado desde o 2023, que empezou no 2017, e a cuxos pagos pon reparos o interventor, dicía e relación ó control de árbores que:

“As inspeccións deben converterse nun proceso sistemático por parte do adxudicatario.... Os estudos irán a cargo do concesionario ata un máximo de 30 informes anuais...”

É dicir, Alternativa dos Veciños decidiu hai 7 anos que non era prioritario facer un seguimento de calidade do arborado urbano, asumindo os oleirenses o risco desa actitude municipal negligente debido a que analizar o estado de 30 árbores ó ano é unha cantidade ridícula.

O actual prego recolle así a súa demanda de que é necesario aumentar a seguridade en relación coas árbores:

“Para diagnosticar danos nas árbores é necesario coñecer a estrutura e fisioloxía da árbore, ter destreza visual para diferenciar entre un defecto leve e unha posible fractura, polo que se deberán realizar inspeccións periódicas por un especialista en arboricultura, emitindo os informes que se requiran por parte do Departamento de Servizos Municipais. Os estudos irán a cargo do concesionario e serán unha árbore unitaria, masa boscosa ou aliñación, segundo o ámbito.”

É dicir, elimínase o límite de 30 ridículos informes anuais e tamén recolle a súa proposta de que os vehículos das concesionarias municipais “contarán con sistemas de posicionamento GPS” o que facilitará o seguimento e control das tarefas programadas.

Mágoa que nun contrato de máis de 6 millóns de euros non exixan, tal e como pediron, a obriga de que os vehículos que incorporen as empresas ó servizo sexan novos, permitindo así que algunha empresas poida usar en Oleiros a “chatarra” que xa non lle queren noutros concellos.

O actual contrato licitouse en 2017 por 3.431.943,33 € e o actual por 6.130.029,01 €. Cun aumento en 7 anos do



CONCELLO DE
OLEIROS

78% no tipo de licitación, é obvio que o concello asume que a cantidade destinada a este mantemento non chegaba, comprometendo a seguridade dos veciños co mal estado das árbores, e non tendo con todo maior reparo en malgastar 12 millóns de euros no Auditorio de Bastiagueiro, a pesares de non contar nin con estudo de retorno, nin de gastos de mantemento futuros.

Ante esta situación do arborado desatendido durante 7 anos, que precisa con urxencia corríxila, propoñen ó pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Que se faga de inmediato un inventario da totalidade de cando menos o arborado urbano, que se actualizará de xeito periódico.
- 2.- Que, de xeito paralelo ó inventario, se realice polo enxeñeiro designado, unha inspección sistemática e ordenada de todo o arborado inventariado, comezando polas áreas nas que, a priori, exista un risco máis elevado de afectación a usuarios. É dicir, polas zonas que presenten un grao de diana máis alto, como parques con zonas infantís, colexios, zonas con alto tránsito de peóns, etc.
- 3.- Que en función dese estudo comécese xa a sanear o arborado que está a dar mostras de fatiga, tras anos de abandono municipal co risco aparelado que conleva.
- 4.- Que se exixa a responsabilidade política ós responsables de poñer en risco a seguridade dos veciños de Oleiros por desentenderse do control do arborado urbano, o que causou uns custos tremendos ás arcas municipais, polos danos materiais a bens por caídas e desprendementos.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

6.4.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” relativa á mellora dos parques e xardíns municipais

Da orde do alcalde, expón a moción presentada a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que se transcribe:

“No Concello de Oleiros pódese disfrutar dun total da case 70 parques e xardíns.



CONCELLO DE
OLEIROS

Tras moitos anos solicitando que se contratase o mantemento dos parques e xardíns tal e como exixía a lei, por fin contratouse unha empresa par levar a cabo este servizo. Recentemente ese contrato chegaba á súa fin, pero debido á falla de licitación en tempo, o interventor municipal formulou un reparo suspensivo con relación ó contrato e seguir pagando as facturas á empresa por parte do concello, ó supoñer un incumprimento da lei de contratos. A pesares disto, o concello decidiu levantar o reparo de intervención e continuar cos pagos á adxudicataria ata unha nova licitación, polo tanto, entenden que este servizo debería estar cumprindo. Aínda así, poden detectar numerosas deficiencias na maior parte dos parques infantís, ademais de serias deficiencias nas árbores doutros espazos verde do concello.

Tendo en conta que a poboación de Oleiros está a medrar e que as novas urbanizacións son habitados por xoves, con fillos e fillas pequenas, os parques infantís deberían estar en bo estado para poder ser usados sen risco, nin perigo para os mesmos; sen embargo, poden atopar moitos destes parques co acceso restrinxido durante meses e outros con elementos gravemente deteriorados, como por exemplo o parque da Pezoca, ou o da Urbanización Fonte D'Ouro, entre outros, como o Parque de Sta. Cruz, cos elementos novos, e que ten a carón un pao totalmente oxidado.

Ademais, deberían ter en conta cal é o material máis seguro e que precisa un menor mantemento para que o seu estado sexa o axeitado. Por todo isto e para poder gozar uns espazos seguros para a cidadanía do concello e todos aqueles que o visitan, propoñen os seguintes acordos:

- 1.- A realización dun estudo e inspección de todos os parques do concello e das súas posibles melloras.
- 2.- Contemplar nos vindeiros orzamentos a dotación económica necesaria para a modificación e reparación das posibles deficiencias.
- 3.- Realizar unha revisión de xeito periódico.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

*** rogos e preguntas**

6.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre posta en funcionamento das fontes do Parque Dos Regos

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Solicitan que poñan en funcionamento as fontes do Parque Dos Regos, tendo en conta as olas de calor sufridas estes días, consideran logo moi necesaria a súa posta en marcha.”

6.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre tala de árbores mortos na Avda. Escandinavia, en Xaz

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Na Avda. Escandinava existen árbores mortos que debería ser cortados para impedir que no futuro cheguen a producirse caídas das súas pólas cando empece a tempada de temporais.”

6.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre limpeza das marquesiñas existentes no municipio

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“Solicitan que se leve a cabo a limpeza das marquesiñas e o control da pegada de publicidade nas mesmas.”

6.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre repintado de liñas nas zonas azuis da ORA

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“As zonas azuis deberían estar pintadas axeitadamente para evitar multas polo descoñecemento ou mala sinalización, rogan que se revisen todas esas zonas e se repiten, se é preciso.”

6.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo do firme da Avda. Miguel Hernández e das beirarrúas, á altura do IES Miraflores

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“A Avda. Miguel Hernández, á altura do IES Miraflores, precisa ser asfaltadas e as beirarrúas deberían estar en bo estado, polo tanto arranxadas.”

6.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre aparcadoiro na zona do Sol y Mar

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“No seu intre nunha reunión do alcalde coa veciñanza do Sol y Mar, falou dun solar que se habilitaría como aparcadoiro, polo que lles gustaría saber ¿Onde está ubicado ese aparcadoiro e para cando está prevista a súa construción? Tamén ¿Si te ten previsto solucionar que coas recentes obras de axardinamento realizadas, ó apearse dos vehículos, unha vez aparcado, non se chegue a pisar?.”

6.11.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre conflitos na praia de Mera

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Nas últimas declaracións realizadas polo alcalde, chegou a dicir que pedirá á Subdelegación do Goberno a súa colaboración para afrontar e solucionar os conflitos que se veñen producindo a diaria na praia de Mera e que debemos atallar antes de que se estendan a outras praias municipais ¿Non se pode desde o concello tomar algún tipo de medida?; ¿Acaso non contamos con axentes da Policía Local suficientes como para cubrir as necesidades do propio concello?.”

6.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre arranxo da escaleira que baixa de Galeras a Sta. Cruz e da pasarela ó Castelo de Sta. Cruz



CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cando se ten previsto tomar medidas coa escaleira que baixa de Galeras ó Paseo de Sta. Cruz?; ¿Para cando se ten previsto reparar tanto a escaleira coma a pasarela ó Castelo de Sta. Cruz. Tendo en conta que ambas son moi transitadas e presentan un deterioro considerable ocasionado pola acción da natureza. Sería convinte reparalas antes de que se produza un accidente.”

6.13.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre adopción de medidas para evitar un charco que se forma no Paseo de Sta. Cruz

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“No paseo recentemente reparado polo Concello en Sta. Cruz, non se tivo en conta deixar unha lixeira pendente que permitise o desague e evitase a creación dun charco de xeito continuo, na zona da curva, entre o nº 13 e o Hotel Noa ¿Está prevista algunha actuación nese espazo para solucionar o nomeado problema.”

6.14.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre revisión de barandas de madeira en varios paseos do Concello

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Resulta preciso acometer algún tipo de actuación con todas as barandas de madeira, en concreto, na zona de Perillo caeu un tramo, pero a do Paseo de Mera nalgún tramo tamén se aprecia que non está fixada de xeito convinte, o mesmo acontece tamén na zona de Canide ¿Van revisar estas barandas e aseguralas antes de que rematen por caer?.”

6.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre reparacións varias a realizar no Paseo de Sta. Cristina

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Sobre o estado do paseo marítimo de Santa Cristina, a maltratá, á que o alcalde neste Pleno chamou “o arrabal de Perillo”. Rogamos ao Goberno de Oleiros que mellore os danos do paseo marítimo e tanto no mosaico que o bordea, como borrando pintadas que alí se atopan, e reparando as escaleiras na zona do embarcadero e non nos serve a desculpa dada polo alcalde no Pleno anterior de que é competencia de Costas, pois todo Oleiros sabe que o Concello ten realizado e asumido reparacións de paseos marítimos moito máis laboriosas e custosas noutros puntos do Concello.

6.16.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre a regulación da circulación do tráfico en Perillo despois das obras do Sol y Mar

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Sobre a regulación da circulación en Perillo tras finalizar as obras do Estado en Sol y Mar e tras cederlle ao Concello de Oleiros as melloras efectuadas na superficie.

Foi precisamente o Concello quen decidiu a forma da circulación da zona, pintando a estrada, pois ben dende Perillo nos piden que propoñan algún cambios para facilitarlles a mobilidade diaria aos habitantes desa zona. Solicitan liña descontinua nas rúas Areal e Nas Garridas para non ter que ir ata as rotondas a dar volta o que incrementa aínda máis o tráfico e como ademais, en honra á verdade, moita xente non respecta a raia continua incrementándose moito o perigo.”

6.17.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre mellora do transito dos camiós para a recollida do lixo na zona de Perillo, Sol y Mar e adxacentes

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Rogo para mellorar a recollida de lixo en Perillo.

Tras finalizar a obra de Sol y Mar da que falou o seu compañeiro, pódese comprobar que hai curvas en rúas moi estreitas que imposibilitan o xiro a camiións como o da limpeza/recollida lixo polo que rogan ao concello que identifique eses puntos e lle busque unha solución a eses problemas.

Por exemplo, para facilitar a recollida do lixo dos veciños e veciñas da Praza Agramar 7 e 8, eles mesmos pensan que chegaría con retirar un farol e así o fixeron chegar ao concello que en lugar de escoitalos e facelo, para a súa sorpresa, lles dixeron que teñen que rematar primeiro a urbanización da Xesteira. Moi eficiente non parece a xestión do Concello de Oleiros neste asunto, Sr. García.”

6.18.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre o proxecto da “Senda de Iñás a Nós”

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A noticia da inauguración da Senda de Iñás a Nós, que é unha boa iniciativa, viuse salpicada polo intento de Alternativa dos Veciños de manipular achacando a falla de subvención da actuación a cuestións “subxectivas”, cando a proposta chafalleira que presentou a unha convocatoria do Ministerio non superou os umbrais mínimos de puntuación requiridos en cada fase de valoración e en calidade obtivo CERO puntos, polo que non obtivo financiamento. A deficiente tramitación deste proxecto e o do Mercado de Perillo custoulle ao peto dos oleirenses 2,5 millóns de euros e en vez de que alguén asuma o erro político e de xestión, recorren á mentira como escusa.

Un goberno municipal que ten 13 dedicacións exclusivas, que sumados aos 7 asesores contratados a dedo, cústalle aos oleirenses uns 800.000 € ao ano, viuse incapaz de obter fondos para o proxecto da Senda de Iñás a Nós e de feito, Alternativa dos Veciños, corrixiuse a se mesma cando se decidiu a sacar un contrato de “Servizos de asistencia técnica para a captación de fondos europeos, estatais, autonómicos e provinciais de interese para o concello”, asumindo así a súa incapacidade de xestión, mágoa que non o fixeran antes deste proxecto.

Polo que rogan que deixen de utilizar medios públicos para difundir as súas “fake news” e póñanse a traballar para non volver quedar en ridículo con outro CERO na próxima convocatoria á que acudan representando, non o esquezan nunca, aos veciños de Oleiros.”

6.19.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre inclusión de Oleiros na Rede de Atención Temperá da Xunta de Galicia

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Os pais e nais de Oleiros que teñen fillos con necesidades de apoio de precisan do respaldo municipal. A boa xestión esixe non deixar a ninguén atrás, máis cando non compromete ás arcas municipais, pois outros concellos que son sensibles a esta problemática están a utilizar as subvencións da Xunta, que son financiadas a través de fondos Europeos, para prestar estes servizos no marco da Rede Galega de Atención Temperá. Así se podería dispoñer de plans de intervencións individuais para esas familias adaptadas as peculiaridades e características de cada caso, de maneira gratuíta para os usuarios e usuarias, axudando a dar solucións e amparo a eses nenos e nenas necesitados de actuacións específicas, Oleiros non pode negarllo aos seus veciños a Atención Temperá.

Como agora mesmo a Xunta ten aberta unha convocatoria dirixida a concellos para estender a Rede de Atención Temperá, rogan que Oleiros cambie de actitude e se presente a esta convocatoria, implicándose para dar resposta canto antes ás necesidades de nenos de 0 a 6 anos con problemas de desenvolvemento ou con risco de padecelos. É de xustiza.”

Lembra o alcalde, D. **Ángel García**, que para a presentación tanto de rogos coma preguntas os grupos políticos municipais dispoñen de 5 minutos para cada unha delas.



CONCELLO DE
OLEIROS

6.20.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre as festas de Sta. Cruz

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Sobre a celebración do Xacobebo, hai un ano, o Sr. García neste mesmo salón plenario sacaba peito, asegurando que ía prohibir o Xacobebo de Santa Cruz, festa de gran arraigo e moi boa resposta entre a xuventude e que ademais axudaba á comisión de festas desta localidade a recadar fondos para despois con moito traballo, moita ilusión e compromiso poder celebrar as festas. O grupo socialista deixou claro daquela que eles non estaban de acordo con prohibir e sí con educar, mellorar e pulir os problemas que houbera co Xacobebo. Pero Sr. García ¿Como se van financiar este ano as festas en Santa Cruz sen o Xacobebo? E cos desencontros xurdidos entre a comisión de festas e o concello.”

6.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre o servizo de limpeza

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Ante a próxima posta en marcha do novo contrato de limpeza viaria xorden moitas dúbidas. Segundo as propias empresas licitadoras “non resulta posible cubrir a totalidade do servizo no municipio”, o que xerará que haxa un Oleiros de primeira e outro de segunda, permitírase a utilización de maquinaria usada e encima teremos que pagar 1.600.000€ máis que ata o de agora.

Non entenden como pagando os oleirenses 4,5 millóns de € non se esixa á nova concesionaria de limpeza viaria a incorporación de maquinaria a estrear, por unha cuestión lóxica de eficiencia e menos avarías. Oleiros convértese así na chatarrería das máquinas retiradas polas empresas noutros concellos. Todo isto sen que ninguén dimitise tras tumbar o TACGAL a adxudicación deste contrato en 2023 por “irregularidades e falta de transparencia” nunha mesa presidida por unha concelleira.

Consideran escandaloso que na nova licitación do 2024 as propostas técnicas das empresas as valorasen unha Técnica de Contratación, un Aparellador, o Supervisor de Compras e un técnico de Parques e Xardíns. Non participaron os técnicos especialistas do servizo do Concello que son quen redactaron os pregos e mellor coñecen as necesidades técnicas. O resultado é que a adxudicación recaeu noutra empresa e a “gañadora” en 2023 pasou a ser a peor valorada no 2024. Isto parece máis un casino que unha mesa de contratación.

No 2017 adxudicouse o contrato por 3.000.000 €; no 2023 licitouse por 4.413.862,29 € e agora tras o durísimo pau do Tribunal de Contratos de Galicia, sen incluír novas prestacións, por 4.697.564,74 €. A subida de 300.000€ non está xustificada ao non propoñer os pregos unha mellora dos servizos, e máis vendo que do ano 2023 ao 2024 redúcese o persoal esixible á empresa. Na comisión desta semana vostedes foron incapaces de xustificar os motivos.

Están á espera da asunción de responsabilidades políticas e cesamentos ou dimisións xa que por menos cesaron ao xerente de Aquaoleiros ¿Alguén vai ser cesado nas súas funcións ou dimitir por tumbar un tribunal un contrato de 4,5 millóns de euros e por todas as desfeitas engadidas nas tramitacións?.”

6.22.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á atención sanitaria no verán en Oleiros

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Felicitan ó goberno municipal do Oleiros pola súa preocupación, polas queixas deste ano nos medios en relación ós recortes na atención pediátrica en Mera, pero pregúntanse e queren preguntarlle ó alcalde a razón para protestar este ano e non telo feito ata o de agora, cando o Sergas leva 15 anos facendo exactamente o mesmo coa consulta pediátrica en Mera durante o verán e ¿Por que non se queixa tamén polos pechos das camas no CHUAC e pola redución dos médicos e medicas de Atención Primaria nestes meses nos centros de saúde do concello?.”



CONCELLO DE
OLEIROS

Hai uns días o grupo “Socialista”, como membro de SOS Sanidade Pública, organizou un acto para analizar eses problemas e a verdade é que non viron a ningún membro do goberno municipal nese acto.”

6.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre Alfaroleiros

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“No pleno pasado falaron da Feira Alfaroleiros e o Sr. García aseguroulles que cada ano incorporábanse novos alfareiros, con novas técnicas e con novas composicións. Pois ben, dígalles ¿Cantos e cales dos alfareiros que están inscritos nesta edición participan por primeira vez na nosa feira e que aportan?.”

6.22.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre a Ría do Burgo

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Están vendo un día sí e outro tamén como o concello pecha cunha valla o Paseo marítimo do Burgo e como os e as paseantes o abren; mentres o concello segue empeñado na loita con Costas o que xa está feito -con cartos públicos que son de todos- vaise deteriorando por abandono, mágoa.

Mire Sr. García, Costas o que fixo foi unha obra singular, unha obra referente, unha obra de gran calado medioambiental dragando a Ría do Burgo, para devolverlle a calidade a auga e a limpeza e a riqueza ós fondos, unha obra que é o maior proxecto de descontaminación integral dunha franxa costeira que se ten abordado dende o goberno de España e agora o Paseo correspóndelle a vostede. Tampouco ten lóxica que coloque vostede ningunha valla cando aínda non recepcionou a obra e polo tanto aínda non é municipal.”

6.23.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre revisión das escaleiras de madeira existentes entre as Rúas Adolfo Suárez e Gutiérrez Mellado

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“As escaleiras de madeira que se atopan entre as rúas Adolfo Suárez e Gutiérrez Mellado (e en xeral todas as desa zona) áchanse cada vez en peor estado, cos potenciais riscos que poden causar. Rogamos procedan á súa revisión

6.24.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre diferenzas varias co goberno da Xunta de Galicia

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Xa falamos antes bastante sobre o tema do transporte colectivo, coa eliminación o 22 de xuño de servizos do transporte metropolitano que afectan directamente a Oleiros que están a provocar o caos nas liñas existentes; incomprensíbeis recortes no servizo de pediatría, no PAC de urxencias ou no centro de saúde de Perillo no período estival; inexistencia de data para a reanudación da Vía Ártabra e da súa ignorada conexión coa A6; Portos de Santa Cruz, Mera e Lorbé (con propostas de sancións o Concello por utilizar algo que non existe como son as instalacións portuarias de Mera na sardiñada) e un longo etcétera de abandonos e desleixos coa nova Xunta continuista da anterior.

O BNG está a denunciar estes problemas en todos os escenarios institucionais posíbeis: roga ó Concello que pola súa banda continúe coa denuncia e coa reclamación da imperiosa necesidade dunha canle directa de diálogo e negociación entre a Xunta e o Concello, para solucionar todas estas emerxencias. Nestas demandas contarase co apoio do BNG, ao igual que estaremos en calquera mobilización cidadá nesta mesma liña.”

6.25.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre habilitación de máis prazas específicas para autocaravanas

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“En diversas zonas do Concello, sirva como exemplo Dexo onde se acha a parada dos autocarros, diante da Casa do Pobo ou no aparcadoiro na zona do Seixo na Rúa do Arao Común, obsérvase cada vez con máis frecuencia a presenza de autocaravanas estacionadas en horizontal ocupando 3 e 4 prazas verticais de aparcamento, mesmo realizando actividades non permitidas na contorna das mesmas.

As prazas habilitadas no Concello para este tipo de vehículos son anecdóticas e absolutamente insuficientes. Teñen que destacar o auxe deste tipo de turismo precisado dun axeitado control, polo que piden ó Concello que proceda no seu caso a habilitar máis áreas para estes vehículos e que sexan controlados conforme as normativas sectoriais de tráfico.”

6.26.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre implantación do servizo de atención temperá

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Decreto 99/2012 regula os Servizos sociais comunitarios e a súa financiación. Diferenza os dous niveis (básico e específicos) dos ditos servizos, así como a competencia e obrigatoriedade municipal de prestar os básicos (artigos 28 e 29). No artigo 26 detalla algúns dos posibles servizos de carácter específico, dentro dos que se atopa a atención temperá. E nos artigos 30 e seguintes, o financiamento dos servizos e o reparto de responsabilidades entre as distintas administracións públicas (principalmente os concellos, deputacións e xunta).

A posta en marcha deste decreto conta con numerosas eivas e traslada ós concellos competencias moitas veces inasumíbeis polo seu custo económico, ou polas restricións á hora das contratacións de persoal impostas trala modificación da constitución, a instancias das autoridades europeas. Iso deu lugar a fórmulas que poñen en marcha servizos precarios con vías de financiamento tamén precarias (subvencións anuais, principalmente).

Así e todo, moitos concellos puxeron en marcha servizos de atención temperá, dentro da estrutura dos servizos sociais comunitarios, e acceden a esta vía de financiamento. Non é o caso do Concello de Oleiros, que mesmo impediu tratar este tema no pleno municipal do mes de xuño, a instancia dunha moción presentada polo PSOE. O certo é que as familias que precisan deste servizo só poden acceder a el dende a oferta privada ou dende a escasa oferta pública a través do SERGAS. Dende o BNG de Oleiros piden ó goberno municipal que considere acudir á convocatoria aberta para a dotación destes servizos a través dos servizos sociais comunitarios.”

6.27.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre implantación de medidas incluídas no PMUS e solución das eivas existentes nos carrís bici municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O goberno municipal de Oleiros discrepa coas propostas do BNG de impulsar as medidas que contempla o PMUS para favorecer e fomentar o uso da bicicleta. No dito rexeitamento, o alcalde fixo unha queixa xenérica sobre a falla do uso dos carrís bici existentes. Seguramente son moitos os motivos que explican esta falla de uso, así como outras eivas ou incumprimentos na circulación (de bicicletas, peonil, de coches...). Porén existen medidas concretas que se poderían ir facendo, entre outras, mellorar o estado dos carrís bicis existentes.

Hai dous carrís principais en Oleiros que poderían ter uso non só recreativo, senón para unha comunicación máis frecuente nos desprazamentos laborais, para o uso dos servizos...: o que vai de Santa Cruz cara Perillo, e o que vai de Santa Cruz a Mera. No primeiro caso, o estado do pavimento e da pintura requiren dun mantemento e renovación urxente e en ambos casos, hai eivas importantes no trazado e, principalmente, na sinalización; nas preferencias de paso (favorécese ao coche fronte á bicicleta); á continuidade do carril en determinados tramos; aos obstáculos que hai (postes, pólas de árbores que baten contra as cabezas ou cascos...). Solicitan que se solucionen de xeito urxente todas estas eivas.”

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org



CONCELLO DE
OLEIROS

6.28.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó incumprimento da concesionaria de mantemento de xardíns

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O 11/06/2024 o departamento de contratación emitiu un decreto por incumprimento da empresa concesionaria Jardín Celas no mantemento dos xardíns. 2024003142 ¿Podería dicirles en que consistiu o incumprimento requerido de subsanación?”

6.29.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa instalación de puntos violeta nas festas municipais

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Pediron no pasado pleno que os puntos violeta a ampliación do o horario dos mesmos alén das 3, xa que os intres posteriores (desaloxos) ao remate das festas son momentos dun gran perigo e riscos potenciais. Tamén cren na necesidade de que estean presentes en todas as festas e durante todos os días que duren, por exemplo, nas festas que se celebraron recentemente en Dexo, só se instalou o primeiro día, venres; nas Festas de Santa Ana non houbo punto violeta o sábado 27 por decisión municipal ¿A que obedece que en determinados días das festas se decida retirar o punto violeta?”

6.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó proxecto de decreto de protección da costa de Dexo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A Xunta da Galiza establece un Proxecto de Decreto, onde recoñece por fin o desleixo padecido pola Costa desprotexida de Dexo, denunciado polo BNG durante lustros perante a desaparición total das administracións nas súas obrigas. Este proxecto chega cun atraso incomprensíbel de 23 anos após a súa declaración como Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, que para o BNG é papel mollado. O BNG de Oleiros considera que é unha boa noticia que a Costa de Dexo teña por fin un Plan integral de xestión, en substitución da trapallada absurda de dúas follas que está vixente na actualidade, porén o BNG efectuará alegacións nunha liña conservacionista ¿Que opinión lle merece ao Concello este proxecto?; ¿Vai presentar alegacións?”

6.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa a reciclaxe e tratamento do lixo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Temos boas novas coa obriga, por sentenza aínda non firme a Albada, de asumir os rexeitamentos e de indemnizar ao Consorcio polas cantidades indebidamente cobradas, circunstancia que permite aínda máis seguir a apostar por Nostián fronte a SOGAMA que tamén vai incrementar o seu canon dos 68.05 € da primeira metade do ano até os 88.05 € desta segunda metade.

A aposta pola compostaxe segue a ser absolutamente cativa no Consorcio das Mariñas, o escandaloso incremento do recibo poderíase ver reducido para aquelas veciñas que colaboran para axudar na conservación do planeta, que é patrimonio de todos. Compostando reducimos a emisión de gases que se xeran, por exemplo, no traslado do lixo ás plantas de reciclaxe ou incineración; tamén reducimos a pegada ecolóxica do ciclo de tratamento dos biorresíduos, reducir a propia xeración de residuos e o consumo de fertilizantes externos; Contribuímos na reciclaxe do lixo compostando os biorresíduos e transformalos en compost.

O Consorcio das Mariñas ten nula autonomía na xestión do lixo dada esta flagrante ausencia de iniciativa, depende das veleidades e caprichos de San Caetano ou María Pita. Nas secretas reunións do Consorcio das Mariñas chegaron á conclusión de pedir a María Pita que iguale a oferta da absolutamente nociva Sogama. Falan dunhas cantidades por parte de Sogama e non sabemos se nas mesmas constan os incrementos antes mencionados; sexa A ou B os cidadáns pagarán máis. O BNG obviamente aposta por Nostián, máis



CONCELLO DE
OLEIROS

demandando dunha vez a decidida aposta pola compostaxe ¿Como ficarían as cantidades após a suba de SOGAMA en relación con Nostán?."

6.32.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa ó custo das vivendas a prezo taxado a facer no concello

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Na tramitación das vindeiras vivendas de prezo taxado que a iniciativa do Concello vanse construír no Concello e nunha fase aínda incipiente de coñecemento público, fálase dun prezo mínimo de 200.000 euros. ¿En que faixas de prezos aproximados nos movemos sendo o mínimo 200.000 euros?."

De seguido, inicia a contestación de rogos e preguntas formuladas polos grupos políticos municipais o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que vai empezar polo último en canto ás escaleiras en mal estado da Rúa Gutiérrez Mellado, ó igual que outras moitas escaleiras, barandas e proteccións de madeira ó longo do concello que hai moitas, ó entender que se trata dun elemento agradable para o entorno, evidentemente sofren deterioro e estanse a abordar o seu arranxo, polo que toma nota diso.

No tema do transporte metropolitano e outros en canto á relación coa Xunta de Galicia, debe dicir que existe unha relación cordial coa Xunta de Galicia, bastante máis da que tivo co PSOE no seu intre porque cando gobernaron só era recibido polo BNG. Insiste en que existe diálogo, o que non quere dicir que estean de acordo en moitas cousas. As autocaravanas non poden aparcar en Dexo, polo que calquera vehículo dese estilo que aparque en Dexo vai ser sancionado seguro. Existe un aparcadoiro especial para elas en Bastiagueiro e agora tamén o de Iñás, que está cheo, pero o que non se pode é comprar unha autocaravana e logo non saber onde aparcala, porque non ten sitio para ela e non se pode estar ocupando prazas públicas por un tempo indeterminado, dado que si se constata que leva moito tempo parada no mesmo sitio pódese sancionar.

Respecto ó decreto que regula os servizos sociais comunitarios, xa é un tema recorrente porque se tratou en anteriores plenos. O goberno municipal segue na mesma liña porque consideran que os servizos sociais municipais funcionan moi ben e o que teñen moi claro é que é unha competición de titularidade da Xunta de Galicia e o que non van facer é estar asumindo competencias autonómicas porque non lles corresponde e para rematar o presentado polo BNG e en canto ó PMUS e sobre a circulación e uso da bicicleta, o mesmo que o anterior que xa faláron disto en anteriores plenos, no senso de que existe un carril bici que practicamente comunica a zona costeira e aínda así, os ciclistas seguen usando a estrada, como pode verse habitualmente formando unhas colas tremendas, polo que se terá que ver o xeito de tratar de corrixir isto.

Respecto das preguntas formuladas polo BNG e sobre o departamento de contratación e sobre o contrato adjudicado a Jardín Celas, dicir que se lles comunicou que se presentaran no concello ante a situación económica grave que teñen, con débedas importantes cos traballadores, polo que se lles citou para atopar unha solución e



CONCELLO DE
OLEIROS

que os pagos que se realizaban por parte do concello non fosen desviados a pagos para traballos que realizaban noutros municipios e que non lles abonan, polo que non podían permitir esa situación en canto a que os e as traballadoras que prestan servizo no concello de Oleiros sufriran máis demoras nos pagos e de aí que se optase por resolver o contrato, tendo en conta que eses traballadoras e traballadores a empresa que preste o servizo ten que subrogalos.

Sobre a instalación de “puntos violeta” nas festas, xa se falou tamén, se está a prestar ese servizo coordinador polo departamento municipal de servizos sociais e cre que está funcionando axeitadamente, aínda que descoñece que podería pasar nese día puntual nas festas de Mera, pero cre que están a instalarse tódolos días de festa e de celebración de eventos masificados.

No preguntado sobre o tema da Costa de Dexo, dicirlle que hoxe mesmo falou coa conselleira coa que ten unha relación cordial, que son conscientes de que existen erros nese decreto e recoñeceu ademais que antes de que se dese publicación ó decreto debeu presentarse primeiro ó concello e que van volver analizar toda esta situación; ratifica a negativa firme do concello en contra de SOGAMA e a súa aposta por Nostián, mañán mesmo vai haber unha xuntanza na que cre que se vai apostar por Nostián, polo que será un gran día para a comarca.

O tema das vivendas, houbo unha xuntanza onde acudiron máis de 500 persoas, vaise celebrar unha nova o vindeiro día 31 de xullo, porque son moitas as persoas solicitantes, o prezo de saída é duns 210.000 € ou un pouco máis, dependendo se os pisos son de 83 ou 90 m².

Entrando de cheo na contestación dos rogos do PSOE, sobre o tema do paseo de Sta. Cristina e a súa reparación, comunicaranse coa Demarcación de Costas que é a titular. No que atinxe ás obras do Sol y Mar, cre que quedou bastante ben, entende que pode haber veciños ou veciñas que non lles guste, pero o goberno municipal o que ten que pensar é na colectividade, aínda así pasarán a velo; tamén respecto das obras preto do Sol y Mar y sobre a recollida do lixo, existen dous edificios que depositaban o lixo dentro do edificio, a día de hoxe iso xa non se permite porque hai que reciclar e non se facía, menos agora que se vai instalar o quinto contedor, polo que hai que ir ós puntos habilitados e que se instalaren novos hai pouco tempo.

O da senda de Lñás a Nós e a respecto do acto de inauguración, dicir que esta obra foi boicoteada polo Ministerio e non houbo ningún tipo de financiamento a través dos fondos europeos, tamén aproveita para informar de que a Xunta de Galicia tampouco axudou nesta obra, aínda que se comprometera, pero o importante era a axuda de fondos europeos e insiste en que non houbo ningún tipo de axuda, pero a obra está aí para o disfrute da veciñanza gracias ó goberno municipal de Oleiros e sobre o último rogo, xa foi contestado porque foi unha pregunta á que respondeu hai uns intres ó BNG.



CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ás preguntas formuladas polo grupo “Socialista” e sobre as festas de Sta. Cruz, din que no seu intre xa dixeron que o seu grupo non era de prohibir e preguntan sobre o financiamento das festas, ó que lles responde que o descoñece porque é un tema da propia comisión de festas dado que o concello só presta os servizos que se lles demanda pola comisión, que son bastantes e que teñen un custe importante, pero insiste en que non son organizadores das festas. Respecto da prestación do servizo de limpeza viaria, o concello o que fixo foi adxudicalo a quen gañou o concurso que foi informado polos técnicos que formaban parte da mesa de contratación, polo tanto o concello cumpre coa normativa para a contratación destes servizos.

Da pregunta respecto dos problemas co servizo sanitario en Oleiros, dicirlle que fixeron unha acción reivindicativa porque era de xustiza e sempre defenderon e promoveron actos e actividades en defensa da sanidade pública da comarca, non so de Oleiros, sempre estiveron con eles e seguirán estando; no que atinxe á feira “Alfaroleiros” e os e as alfareiras que veñen este ano, dicirlle que existe un díptico no que se dá a información precisa e sobre o paseo do Burgo, en Oleiros non hai paseo do Burgo. Nin Beiramar nin O Paraíso son do paseo do Burgo e en canto á calidade da obra non é tan marabillosa como a queren pintar, de feito, estes días pasados enviaron un informe extenso de 97 folios enumerando as deficiencias constatadas na execución da obra ó Ministerio e como non é unha obra municipal, non sabe por qué lle pregunta logo.

No que atinxe ás preguntas e rogos presentados polo grupo “Popular” e sobre o futuro aparcadoiro na zona do Sol y Mar, haberá un aparcadoiro cunhas noventa prazas pero neste intre o que está a acontecer é que o proxecto o están a boicotear desde o Ministerio desde hai xa dous anos, antes era porque era unha estrada do Estado e crían que tiñan competencia cando é unha rúa municipal, espera que se solucione en breve e poida ser unha realidade nunha zona que precisa dese zona de aparcadoiro.

O tema dos rapaces e rapazas na praia de Mera, é certo que ás veces os xoves non fan ben as cousas, pero tamén é certo que os maiores non sempre facemos tamén ben as cousas e a praia non é privada, porque algún cre que chega a Mera e a praia e da súa propiedade, iso pasou durante moitos anos en Mera, os únicos donos da praia de Mera é a veciñanza de Oleiros e nomeadamente, os merachos. Polo tanto, están pendentes do tema, a Garda Civil ten coñecemento del e o Policía Local, tamén.

O da escaleira de baixada das Galeras a Sta. Cruz, é lamentable e seguen á espera da autorización para levar a cabo as obras nesa zona, que caeu o solo e que pode chegar a caer impedindo definitivamente o tráfico. Vista a situación están para facelo sí o sí, con ou sen a autorización da Demarcación de Costas; sobre o charco que se forma no paseo de Sta. Cruz, mirarano pero debe ser un pequeno defecto de remate da obra; anuncia tamén que van acometer as obras de reparación das barandas de Madeira no Paseo de Mera e tamén outra, que cren que foi un



CONCELLO DE
OLEIROS

acto de vandalismo, debaixo da Ponte Pasaxe, que hai caídos uns 20/25 metros e segundo lle dixo hoxe mesmo o concelleiro de obras públicas, están para reparalo en breve.

Antes de pasar á contestación dos rogos presentados, pola voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, volve incidir sobre o defecto de obra que existe na zona que recentemente axardinaron a carón do Sol y Mar, porque ó saír dos vehículos, unha vez aparcados, pisan a zona axardinada.

Segue contestando o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle á voceira do grupo “Popular” que o espazo existente nesa zona para apearse do vehículo é o que hai; respecto ós árbores da Rúa Escandinavia, son de río e hai pouco tempo cortáronse algunhas pólas que estaban secas e haberá que ver se hai máis; solicitan que se leve a cabo unha limpeza das marquesiñas municipais, e ó fío disto está constatándose que comisións de festas de fóra de Oleiros están a empapelalas, pero non as suxeitan con fixo, están a facelo con cola polo que están deteriorándoas, pero e que o Partido Popular tamén, polo que todos e todas deben predicar co exemplo.

Sobre o repintado das liñas de zona azul, cre que se poden ver ben, pero se hai que repintalas, se inspeccionará e en todo caso se fará. na Avda. Miguel Hernández, a rúa está ben asfaltada o que existe é un problema coa beirarrúa que haberá que velo, tamén.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.51 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e dúas (32) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.